

SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O DÍA VINTE E CINCO DE FEBREIRO DE DOUS MIL QUINCE

No Concello de Láncara, sendo as doce horas do día vinte e cinco de febreiro de dous mil quince , reúnese no Salón de Sesiós o Concello Pleno, para tratar os asuntos contidos na Orde do Día, coa asistencia dos Sr. Concelleiros: D. José Manuel Neira Castro, D. Andrés Manuel Caballero López, D. Ricardo Núñez Valcárcel , D. José Manuel Álvarez Rodríguez D. Carlos Fernández Díaz, D. Darío Antonio Piñeiro López , D. Pablo Rivera Capón D. Oscar Rodríguez Somoza , D. José Manuel García Aldegunde e D. Carlos Santiago López Sierra.

Preside a Sesión o Sr. Alcalde D. Eladio Capón López, e actúa de Secretario o titular D. José López Castro.

1º.-LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADO DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 18 DE DECEMBRO DE 2014.

2º.-DECRETOS Nº 249 AO 270 ANO 2014 E 1 AO 14 ANO 2015.

**3º.-RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL:
FACTURAS DO 2014, CORRESPONDENTES A PARTIDA 413.**

**4º.-RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL:
FACTURAS DO ANO 2014 RECIBIDAS NO EXERCICIO 2015.**

**5º.-PERSOAL:
A) RETRIBUCIÓNS ANO 2015.
B) SOLICITUDE DE Dª SANDRA PÉREZ ALVAREZ, SOBRE
RECOÑECIMENTO DE TRIENIO 1º TRIENIO.**

6º.- APROBACIÓN, ORZAMENTO ANO 2015.

**7º.-RECUPERACIÓN PAGA EXTRAORDINARIA E ADICIONAL DE
DECEMBRO 2012.**

**8º.-PROPOSTA DO SR. ALCALDE-PRESIDENTE, SOBRE
REGULARIZACIÓN DE VADOS.**

**9º.-PLAN XERAL:
-SOLICITUDE DE Dª JOSEFINA PURROY PALLARES, SOBRE
INCORPORACIÓN DUN ALPENDRE EN VEIGA DE OUTEIRO.**

**10º.- DAR CONTA DA SENTENZA DO TRIBUNAL SUPREMO DE 18
DE DECEMBRO DO 2014, SOBRE ORDENANZA REGULADORA DA TAXA
POLO APROVEITAMENTO ESPECIAL DE DOMINIO PÚBLICO LOCAL ,
TRANSPORTE DE ENERXÍA ELÉCTRICA.**

11°.-PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE FEIRAS SOBRE A CELEBRACIÓN DA XVII FEIRA DA TENREIRA GALEGA.

12°-ROGOS E PREGUNTAS.

1°.-LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADO DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 18 DE DECEMBRO DE 2014.

Visto o borrador da acta da sesión celebrada o día dezoito de decembro de dous mil catorce , este foi aprobado por unanimidade de tódolos asistentes.

2°.-DECRETOS Nº 249 AO 270 ANO 2014 E 1 AO 14 ANO 2015.

Vistos os Decretos da Alcaldía dende o 249 ao 270 correspondentes ao ano 2014 e do 1 ao 14 correspondentes ao ano 2015.

O Pleno por unanimidade, de tódolos asistentes .

Dase por enterado do contido de tódolos decretos, retificando os memos.

3°.-RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL:

FACTURAS DO 2014, CORRESPONDENTES A PARTIDA 413.

Visto que tódolas facturas que entraron no exercicio 2014 están pagadas ou recoñecidas en fase ADO, por conseguinte non procede contabilizar ningunha factura con cargo a conta 413

O Pleno por maioría o votar a favor os cinco Concelleiros do PP e o do CDL e abstendose o os catro Concelleiros do PSG-PSOE e o Concelleiro do BNG.

ACORDOU:

Darse por enterado da non existencia de facturas con cargo a conta 413.

4°.-RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL:

FACTURAS DO ANO 2014 RECIBIDAS NO EJERCICIO 2015.

Vista a relación de facturas correspondentes ao exercicio 2014, que tiveron entrada dentro do ano 2015, que se relacionan a continuación, por un importe de 8.814,35 €.

Servital, servicios sociosanitarios SL	B27348614	Fac:1/4270; remanente crédito 2014	Servizos axuda a domicilio decembro, libre concurrencia	375,76
Servital, servicios sociosanitarios SL	B27348614	Fac:1/4271; remanente crédito 2014	Servizos axuda a domicilio decembro, dependencia	2851,35
JF mantenimientos mecánicos ,SL	B27758192	Fac:00000211; remanente crédito 2014	Balbula para bombeo de Touville	86,39
JF mantenimientos mecánicos ,SL	B27758192	Fac:00000212; remanente crédito 2014	Mantemento bimensual bombeo Puebla,Láncara e	797,39

			Touville	
JF mantenimientos mecánicos ,SL	B27758192	Fac.:00000215; remanente crédito 2014	Reparar EDAR Pobra de S. Xiao	1601,31
Comunicaciones Callwomen 3000 S.L.	B73455651	Fac.:55064; remanente crédito 2014	Boligrafos campaña Nadal	457,38
Eusebio Loureiro Martínez	33839240F	Fac.:E/20 remanente crédito 2014	Traballos estrada A Lama casa Marón	275,88
Eusebio Loureiro Martínez	33839240F	Fac.:E/21 remanente crédito 2014	Traballos Villádiga camiño dos depósitos	551,76
Radio Popular S.A (cope Lugo)	A28281368	Fac.: 028-02-000905 remanente crédito 2014	Cope Lugo, cadena 100, mes de decembro	151,25
Cepsa Card,SA	A80349590	Fac.:196048 remanente crédito 2014	Gasoleo vehículos Concello	229,66
Farmacia Curz Blanco Berta	71155866F	FAc.:85437 remanente crédito 2014	Suplido o Secretario (60% 4,37)	2,62
Manuel Fco. Fraga Iglesias	32826296Y	Fac.:56 remanente crédito 2014	Espectaculo "A Maxia do Nadal"	700,00
Matri. construción Villafiz CB	E27320332	Fac.:42 remanente crédito 2014	Cemento e tubos sumidoiro praza	43,94
Matri. construción Villafiz CB	E27320332	Fac.:42 remanente crédito 2014	Tubos obra Campo da Feira	133,10
Matri. construción Villafiz CB	E27320332	Fac.:48 remanente crédito 2014	Silex negro e cemento para obradoiro emprego	28,70
Matri. construción Villafiz CB	E27320332	Fac.:45 remanente crédito 2014	Cemento,area,grava, obradoiro de emprego	411,93
Matri. construción Villafiz CB	E27320332	Fac.:62 remanente crédito 2014	Materias para polifuncional, camiño de soto de Lama, etc	115,93

O Pleno por maioría o votar a favor os cinco Concelleiros do PP e o do CDL e abstendose os catro Concelleiros do PSG-PSOE e o Concelleiro do BNG.

ACORDOU:

1º.-Prestar aprobación ó recoñecemento extraxudicial N° 1/2015, por importe de 8.814,35 €.

2º.-Expoñelo ao público no B. O.P., polo prazo de quince días hábiles.

3º.-Pagar ditas facturas, con cargo ao remanente de tesourería do 2014, ao considerar que son gastos de dito exercicio e existir remanente positivo suficiente.

5º.-PERSOAL:

A) RETRIBUCIÓNS ANO 2015.

Vista a Lei 36/2014, de 26 de decembro de Presupostos Xerais do Estado para o exercicio 2015.

Visto o artigo 20 e 24 de dita Lei onde se regulan as retribucións do persoal das Administracións Pública onde esta encadrado o persoal das Administracións Locais.

Visto que para o presente exercicio a Lei non contempla incremento das retribucións, en relacións as percibidas no ano 2014.

Visto que no artigo 20 apartado cinco se fixan as cuantías dos grupos, así como as cuantías correspondentes a soldos e trienios para pagas extras.

Visto que no artigo 24 se fixan as cantidades dos niveis do complemento de destino

O Pleno por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Ratificar os niveis de complemento de destino de todo o persoal funcionarios e laboral, así como os seus respectivos grupos.

2º.-Fixar para o ano 2015, as retribucións percibidas polo persoal do Concello, tanto funcionarios como laborais, tendo en conta as retribución do ano 2014, sen prexuízo de posible recoñecemento de trienios ou outras indemnización ou gratificacións a que puidera ter dereito o persoal, tal como establece a Ley 36/2014, de 26 de decembro de Presupostos Xerais do Estado para o exercicio 2015.

3º.-Prestar aprobación a dúas pagas extras tal como contempla o artigo 20 no apartado cinco.2 e dúas pagas adicionais correspondentes o complemento de destino e específico.

4º.-Comunicar este acordo xunto co contido dos dous artigos antes citados a asesoría fiscal e laboral, responsable de confeccionar as nóminas.

B) SOLICITUDE DE D^a SANDRA PÉREZ ALVAREZ, SOBRE RECOÑECIMENTO DE TRIENIO 1º TRIENIO.

Visto o expediente epigrafiado.

Visto que o 09-03-14, a Traballadora Auxiliar do Servizo de Axuda no Fogar D^a Sandra Pérez Alvarez, cumpriu 3 anos de servizo.

Visto que os trienios surten efectos económicos o día primeiro do mes seguinte ó que se cumpren os trienios.

O Pleno, unanimidade

ACORDOU:

1º.-Recoñecer a D^a Sandra Pérez Alvarez , un trienio , con efectos económicos do 01-03-2015, coa cuantía que establece o convenio que se está aplicando, e prorrateado en función das horas de traballo.

2º.-Dar traslado deste acordo á interesada e a asesoría fiscal.

Neste intre incorporase o Concelleiro D. Ricardo Núñez Valcárcel.

6º.- APROBACIÓN, ORZAMENTO ANO 2015.



CONCELLO DE LÁNCARA (Lugo)

R. E. L. N.º 01270266

Dada conta do expediente tramitado para a aprobación, no seu caso, do Presuposto desta Entidade, formado para o exercicio 2015 polo Sr. Alcalde-Presidente deste Concello. Considerando que na súa tramitación se cumpriron os arts. 162,163,164,166 e 168 e concordantes do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, Real Decreto 500/ 1990, de 20 de abril e E.H.A./40-41 2004 de 23 de novembro, polo que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local e demais lexislación vixente.

Visto que se cumpre coa regra do gasto e coa lexislación sobre control de estabilidade presupostaria.

Aberto o debate toma a palabra o Concelleiro do PSG-PSOE D. Dario A. Piñeiro López, para manifestar que o seu grupo político apoiará este orzamento si se modifica a partida de altos cargo, rebaixando da partida o 50% da aportacións, xa que o 30-06-2015 os cargos políticos que cobran deixarán de facelo ao haber unha nova corporación. Corporación que no seu momento fixará as retribucións dos seus órganos de goberno. Xa que o Pleno é soberano para poder tomar este acordo e destinar esa cantidade a facer obras dentro do Municipio que fan moita falta.

Por parte do Concelleiro Carlos Fernández Díaz mostrase a favor de deixar o presuposto tal como está.

Por parte do Secretario informase que debe reservar unha cantidade superior ao 50%, xa que é necesario deixar unha cantidade para a liquidación que lles corresponda, a que teñen dereito por finalización de contrato dos Concelleiros que teñen dedicación parcial.

Por parte do Sr. Alcalde proponse que a cantidade que sobre da partida de altos cargos, unha vez que se garantice o cobro ata xuño e as liquidacións así como a S.S. correspondentes, a diferenza se destine para realizar obras, pasando do capítulo 1 o capítulo 6 dito importe.

Por parte do Concelleiro Pablo Rivera Capòn manifesta que se contemple nas base de execución o límite da obrigatoriedade para factura electrónica.

Sometido o asunto a votación o Pleno por unanimidade e maioría absoluta, ó votar a favor os 5 Concelleiros do P.P. ,1 do CDL , 4 do PSG-PSOE e 1 do BNG, (11 de 11) coas modificación antes propostas:

ACORDOU:

1º.-Aprobar inicialmente o Presuposto desta Entidade para o exercicio 2015, quedando fixado, e equilibrado tanto en GASTOS como en INGRESOS.:

TOTAL GASTOS.....1.652.831,00 €
TOTAL INGRESOS..... 1.652.831,00 €

Co seguinte desglose, modificando o capítulo 1 a baixa da cantidade sobranche dos altos cargos unha vez que se garantice o pago das mensualidades, seguridade social e liquidación (13.660,00 €) e a alta o capítulo VI en dita cantidade:

ESTADO DE INGRESOS

Cap **CONCEPTO** **IMPORTE**

A) OPERACIONES CORRIENTES



CONCELLO DE LÁNCARA (Lugo)

R. E. L. N.º 01270266

abril, e 169.3 da repetida Lei; e noutro caso procederase de acordo co previsto no número 1 deste último artigo.

6º.-Que de conformidade co número 4 do mesmo artigo, se remita copia do referido Presuposto á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma electrónicamente.

7º.-RECUPERACIÓN PAGA EXTRAORDINARIA E ADICIONAL DE DECEMBRO 2012.

Visto que a paga extra do mes de decembro do ano 2012 foi retida por Lei os funcionarios e persoal laboral.

Visto que por sentenza xa se recoñeceu o dereito a cobrar unha parte da paga extra retida ao persoal laboral, cantidade que xa percibiu dito persoal.

Visto que o Concello reúne os requisitos establecidos na Lei de Presupostos para que se acordou a recuperación da paga extraordinaria do persoal do sector público.

Visto que a seguridade social correspondente a esta paga xa foi realizada no mes de xaneiro do 2013.

O Pleno por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Recoñecer o pago da paga extraordinaria do mes de decembro do 2012 a todo o persoal do sector público co seguinte desglose:

José López Castro, Secretario-Interventor: 3.396,72 €

Gerardo Sobrado Ventosinos, administrativo: 2.411,61 €

Inés López Farelo, auxiliar : 1.721,73 €

Jesús Núñez Fuentes, porteiro: 1.373,11 €.

Francisco J. Capón Moreno, conserxe colexio : 1.330,27 €.

José L. Varela Fernández, encargado do servizo de augas: 1.798,69 - 432,47 =1.366,22 €

Antonio R. Sobrado Carballo,encargado de instalacións sanitarias e deportivas:1.046,81-251,69= 795,12 €.

Miguel Díaz Besteiro, desbroce e tractorista: 1.148,08-272,80 = 875,28 €.

José M Álvarez López, limpeza: 1.134,61-272,80 = 861,81 €

Mª Teresa López Pernas, traballadora social: 1.919,10-461,44= 1.457,66 €

Mª Jesús López Loureiro, oficina información xuvenil: 663,36

Marcos Vázquez Marey,axente desenvolvemento local: 570,46-135,08= 435,38 €.

2º.-Dita paga só debe ter a retención do IRPF.

3º.-Aboar dita paga no mes de marzo, facendo a correspondente retención do IRPF.

4º.-Comunicar este acordo a asesoría contable para que confeccione estas nóminas.

8º.-PROPOSTA DO SR. ALCALDE-PRESIDENTE, SOBRE REGULARIZACIÓN DE VADOS.

Vista a proposta de regularización de vados, que di:

“ELADIO CAPÓN LÓPEZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE LÁNCARA (LUGO),

E X P O N:

Como é coñecido de tódolos componentes deste Pleno, dende fai anos, estase intentando regularizar e ordear os vados (entrada de vehículos a traves das aceras) no casco urbano de Pobra de San Xiao.

A única pretensión do equipo de goberno e deste Alcalde foi e é que todas as entradas a baixos para vehículos este ordenada, evitando así agravios comparativos. Este Concello que eu presido, nunca tivo con esta taxa un afán recaudatorio, xa que un custo inferior a 2,00 € por mes, ninguen o pode poñer en dúbida; deixando claro que tanto a taxa como os padróns son legais (vexase informe do Consultor).

Algúns Concelleiros da oposición levan tempo desvirtuando estes feitos, entendo que coa única pretensión de obter uns réditos políticos.

Como o labor dun Alcalde, entre outras é a de que tódolos veciños/as dando o mesmo trato, procurar evitar conflitos innecesarios, é polo que propoño ao Pleno o seguinte:

PRIMEIRO.-Que as entradas a baixos (vados), que xa está rebaixasadas se deixen libres a elección dos seus titulares, de solicitar vado ou non, recordandolles a estes que quen non teña vado non terá dereito algún fronte a terceiros, é decir que calquera pode aparcar nesa entrada.

SEGUNDO.-Que nas rúas onde se están reformando as aceras, así como nas que no futuro se reformen, se deixen estas rebaixasadas a petición dos propietarios ou titulares dos baixos, deixando libre igualmente a solicitude de vado, cos mesmos deritos que os recollidos no apartado anterior.

TERCEIRO.- Como este Concello non ten afán recaudatorio con eta taxa, **propón** que se aprobe unha taxa simbólica para os que soliciten os vados DE UN EURO O MES, é decir 12,00 € anuais, para que todos poidan ter un vado regularizado sempre que queiran. Taxa que terá efecto para tódolos vados, entrando en vigor para o presente exercicio económico.

E canto teño que propoñer ao Pleno, esperando un apoio unánime do mesmo”.

O Pleno por maioría o votar a favor os cinco Concelleiros do PP, o Concelleiro do CDL e o Concelleiro do BNG e en contra os catro Concelleiros do PSG-PSOE , ao considerar que debería ser un asuntos a tratar pola nova Corporación,

ACORDOU:

1º.-Prestar aprobación a proposta feita polo Sr. Alcalde en toda a súa extensión.

2º.-Facer nova ordenanza fiscal na que se recolla claramente a voluntariedade dos vados, así como os dereitos e deberes de quen solicite vado e quen non o faga, a tasa anual será de 12,00 € máis o custo da placa para os vados novos , o custo real que teña que desembolsar o Concello por cada placa, expoñendoa ao público tal como marca a normativa vixente.

3º.-A ordenanza entrará en vigor no exercicio 2015, polo que o padrón de vados xa debe contemplar o importe desta tasa (12,00 € ano).



CONCELLO DE LÁNCARA (Lugo)

R. E. L. N.º 01270266

9º.-PLAN XERAL:

-SOLICITUDE DE Dª JOSEFINA PURROY PALLARES, SOBRE INCORPORACIÓN DUN ALPENDRE EN VEIGA DE OUTEIRO.

Vista a reclamación presentada por Dª Josefina Purroy Pallares, sobre a non aparición dun alpendre e outro alpendre existente no Plan Xeral de Ordenación Municipal.

Visto que as obras xa se reflexan na planimetría do ano 99, según se desprende da certificación de vuelos expedida pola Xunta de Galicia.

Visto que esta construción debía estar contemplada no Plan Xeral, ao existir antes de iniciar os traballos do Plan .

O Pleno por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Recoñecer o dereito a que dita construción figure como tal no Plan Xeral, ao existir con anterioridade ao inicio do Plan Xeral e considerado con tódolos dereitos e alegacións a efectos urbanísticos.

2º.-Dar traslado deste acordo a Universidade de Santiago, responsable da redacción do Plan Xeral.

10º.- DAR CONTA DA SENTENZA DO TRIBUNAL SUPREMO DE 18 DE DECEMBRO DO 2014, SOBRE ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLO APROVEITAMENTO ESPECIAL DE DOMINIO PÚBLICO LOCAL , TRANSPORTE DE ENERXÍA ELÉCTRICA.

Vista a sentenza epigrafiada.

Visto que sobre o territorio municipal transcurren varias liñas de alta e media tensión , sobre as que se pode establecer unha taxa polo aproveitamento especial de dominio público local, transporte de enerxía eléctrica , segundo se desprende da Xurisprudencia do Tribunal Supremo.

O Pleno por unanimidade,

ACORDOU:

Preparar unha ordenza fiscal que regule a taxa por aroveitamento especial de dominio público local e transporte de enerxía eléctrica, para a súa aprobación no próximo pleno ordinario que celebre a Corporación.

11º.-PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE FEIRAS SOBRE A CELEBRACIÓN DA XVII FEIRA DA TENREIRA GALEGA.

Vista a proposta do Concellerío de Feiras e Mercados, que di:

“Que o próximo día un de maio corresponde celebrar a XVII edición de terreira galega, polo que propón ó Pleno que e acorde organizar esta edición, onde tódolos componentes e memebros deste Corproación participen e colaboren na organización deste evento, para o caso que este Pleno acorde facer a mesma.

Tendo en conta a situación económica pola que pasa o Estado e demais Administracións Públicas, situación que tamen afecta a esta Corporación, propón que se debe continuar reducindo o gasto toal en relación a anos anteriores.

Redución que se debería facer en invitacións, pago por asistencia de ganado ó acto, aporitaicó do Cocnello para a comida, publicidade, orquestas, etc.

E Canto teño que propoñer ó Pleno”.

Por parte do Concelleiro D. Dario A. Piñeiro López manifesta que nos últimos tres anos se levou unha proposta o Pleno o igual que este ano onde se pide a colaboración de tódolos Concelleiros cando logo a hora de organizar a feira para nada de conta coa oposición.

Por parte do Concelleiro José M Neira Castro manifestalle que el sempre estivo aberto a tódalas iniciativas e propostas dos Concelleiros, que ademáis de todos e sabido que o presuposto reduciuse considerablemente.

O Pleno por unanimidade,

ACORDOU:

Que se faga a XVII feira da tenreira galega, establecendo o límite de 20.000,00 € de gasto para este evento.

12º-ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularón.

E non habendo máis asuntos que tratar dáse por rematada a sesión por orde do Sr. Alcalde, sendo as trece horas trinta e cinco minutos, estendéndose a presente acta que como Secretario, certifico.

Unha vez rematada por parte do Sr. Alcalde dáselle a palabra a D. Benigno Máside Arias, asistente do público quen xa pedira a palabra con anterioridade sobre asunto non relacinado na Orden do Día do Pleno, preguntandolle ao Sr. Alcalde de quen foi responsabilidade a nomear o “novo alcalde do P.P.”

Respostalle o Sr. Alcalde que nadie nomeou alcalde esto nomearao o pobo si o considera oportuno e o candidato o nomeou o comité local.

